

opusdei.org

Preguntas sobre a Prelatura Persoal

Con motivo do XXV aniversario da erección do Opus Dei como Prelatura persoal, o Prof. Carlos José Errázuriz responde a algunhas preguntas.

21-01-2008

Mons. Carlos José Errázuriz Mackenna, chileno, é profesor de Dereito Canónico na Pontificia Universidade da Santa Cruz (Roma). É, ademais, Consultor da Congregación para a Doutrina da Fe, da Congregación para o Culto divino

e a Disciplina dos Sacramentos e do Pontificio Consello dos Textos Lexislativos. Autor, entre outros libros, de *Il diritto e a giustizia nella Chiesa* (O dereito e a xustiza na Igrexa), publicado por Giuffré Editori.

1. ¿Que é unha prelatura persoal?

Unha prelatura persoal é unha parte da Igrexa Católica, no sentido de que está composta por determinados fieis e áchase estruturada de modo xerárquico, cun prelado que é a súa cabeza e principio de unidade e con sacerdotes e diáconos que colaboran con el. O específico das prelaturas persoais consiste en que promoven a vida cristiá e a tarefa evanxelizadora da Igrexa dun modo complementario ao das dióceses, ás cales seguen pertencendo os fieis que forman parte dunha prelatura persoal.

A complementariedade das prelaturas persoais pode responder a

variados motivos, sempre en relación co ben espiritual dos fieis. Pode suceder, por exemplo, que, co desexo de favorecer unha maior participación dos emigrantes na vida eclesial, se organice unha prelatura cun clero preparado para atender as súas necesidades específicas; ou ben, como no caso da prelatura do Opus Dei, pode acontecer que unha realidade eclesial que nace dun carisma (é dicir, dun don de Deus para a Igrexa) reúna en si mesma as características propias dunha prelatura persoal.

2. ¿Como se crea unha prelatura persoal?

É a mesma Igrexa, representada polo Papa, quen toma a decisión de crear unha prelatura persoal, consultando ás Conferencias Episcopais interesadas, coa intención de servir máis eficazmente ás almas. Naturalmente esta decisión presupón

que se dean os elementos constitutivos dunha prelatura persoal: unha comunidade de fieis, presidida polo Prelado, un clero que o axuda pastoralmente e unha razón eclesial específica.

3. ¿Dende cando hai prelaturas persoais na Igrexa?

Aínda que existían precedentes similares de estruturas xerárquicas de tipo persoal (como os vicariatos castrenses), a figura das prelaturas persoais é un froito do impulso apostólico do Concilio Vaticano II que logo acolleu o actual Código de Dereito Canónico. A primeira que se erixiu foi a prelatura do Opus Dei, en virtude da Constitución Apostólica *Ut sit* de Xoán Paulo II do 28 de novembro de 1982.

4. ¿Cantas prelaturas persoais existen actualmente? ¿Por que non hai máis?

Actualmente só existe a prelatura persoal do Opus Dei. O feito de que non se erixiran ata agora outras explícase pola mesma novidade das prelaturas persoais, que han de ofrecer garantías de solidez eclesial e deben inserirse harmónicamente nas dióceses nas que actúen. Polo demais, existen outras circunscricións eclesiásticas, como os ordinariatos militares, dotadas dunha configuración do mesmo tipo, é dicir, persoal e complementaria ás dióceses.

5. ¿En que se parecen e en que se diferencian as prelaturas persoais respecto ás dióceses, ás ordes relixiosas e aos movementos?

Convén ter presente que todas as realidades eclesiales de calquera natureza participan da mesma vida e finalidade da única Igrexa. Polo tanto, todas están chamadas a vivir

na mesma comunión eclesial e a ter relacións de mutuo afecto.

Tanto as prelaturas persoais como as dióceses son comunidades de fieis de natureza xerárquica. As dióceses son Igrexas particulares e comprenden a todos os fieis nun determinado territorio. As prelaturas persoais viven e actúan dentro dunha ou de varias dióceses, coas que cooperan mediante o cumprimento da súa finalidade eclesial específica, nunha relación de complementariedade.

Dentro da Igrexa os fieis poden constituír realidades de carácter asociativo que, sen ser comunidades de natureza xerárquica como as dióceses e as prelaturas, levan a cabo unha actividade eclesial con fins variados. Algunhas, como as confrarías ou asociacións de caridade, non supoñen unha vocación específica nos seus membros. Outras, en cambio,

presupoñen que haxa unha chamada que fai participar nun carisma determinado. As ordes e congregacións relixiosas agrupan a fieis que, movidos por un carisma propio, dan na súa vida e na súa acción apostólica un testemuño público e oficial da radicalidad do Evanxeo.

Os movementos son realidades asociativas de orixe carismática que comprenden toda clase de fieis, en especial fieis laicos que viven no mundo, e que establecen entre eles vínculos de fraternidade e de apostolado ligados ao seu carisma.

6. ¿Que era o Opus Dei antes de ser prelatura? ¿En que se diferencian os estatutos de 1950 dos actuais?

Dende a súa mesma fundación o 2 de outubro de 1928 o Opus Dei era xa esencialmente, aínda que en estado xerminal, o mesmo que vemos hoxe despregado: unha parte da Igrexa,

composta por fieis e estruturada xerárquicamente en torno a unha cabeza que foi primeiro o fundador, san Josemaría Escrivá de Balaguer, sacerdote. Esta realidade eclesial universal necesitaba naturalmente ser recoñecida pola Igrexa, e era preciso que a Santa Sé interviñese para configurala como estrutura xerárquica. Foi un proceso longo, o que se entende por tratarse dun fenómeno novo na vida da Igrexa.

Antes da erección como prelatura persoal, que constitúe a figura que responde plenamente á realidade do Opus Dei, este fora aprobado como instituto secular, o que permitía recoñecer que todos os fieis, sacerdotes e laicos, pertencían á mesma realidade eclesial, e atribuía certa potestade ao sacerdote que nela facía cabeza. Os estatutos de 1950 recollían fielmente a realidade do Opus Dei, pero, debendo responder á figura de instituto secular, mantiñan

elementos que non cadraban coa realidade secular que é propia do carisma do Opus Dei. Estes elementos desapareceron nos seus estatutos como prelatura.

*7. ¿Ten o Opus Dei dende que é prelatura unha maior autonomía?
¿Pódese falar do Opus Dei como dunha igrexa dentro da Igrexa?*

Ningunha parte da Igrexa constitúe "unha igrexa dentro da Igrexa", senón xustamente o contrario: cada parte promove vínculos de comunión respecto a toda a Igrexa. Os fieis do Opus Dei, precisamente en canto tales, son e se senten membros vivos da Igrexa universal e das súas dióceses respectivas, na vida das cales participan como os demais fieis: hai que ter en conta, ademais, que esta prelatura, a diferenza do que podería suceder noutras, non contempla algúns aspectos da pastoral ordinaria (bautismos,

confirmacións, matrimonios, funerais, etc.), e en cambio dedica especial atención á formación dos seus fieis e dos que se achegan aos seus apostolados (encontros e retiros espirituais, estudio das ciencias sagradas, dirección espiritual persoal, etc.)

A lexítima autonomía do Opus Dei para levar a cabo a súa misión eclesial, como polo demais a autonomía que en diversos graos é propia de todo fiel e de calquera realidade eclesial, é sempre autonomía na comunión coa Igrexa universal e o Romano Pontífice, e coas Igrexas particulares e os Bispos diocesanos. Neste sentido, o Opus Dei, na súa actual configuración como prelatura, goza da autonomía propia dos entes da constitución xerárquica da Igrexa (a cabeza da cal é un suxeito con potestade episcopal), que é distinta da

autonomía propia dos entes de estrutura asociativa.

8. ¿Cal é a misión da prelatura do Opus Dei? ¿Que hai de peculiar nesa misión que non se atope noutras realidades da Igrexa?

A misión da prelatura do Opus Dei é a mesma misión salvífica de toda a Igrexa, levada a cabo conforme a un carisma específico de santificación e apostolado no traballo profesional e no conxunto da vida ordinaria. O peculiar dese carisma e desa misión, como sucede con calquera carisma, provén do don de Deus, primeiro a San Josemaría como fundador, logo ás súas fillas e fillos espirituais, e tamén a todos os que del participan en maior ou menor medida. O feito de que ese carisma dea lugar a unha prelatura non é froito dunha simple decisión baseada en motivos de conveniencia senón que deriva da realidade mesma dese carisma, que

comporta necesariamente a conformación dunha comunidade de fieis xerárquicamente estruturada.

9. ¿Como se goberna a prelatura do Opus Dei? ¿Quen a dirixe?

Como en toda prelatura, o goberno da prelatura do Opus Dei corresponde ao seu prelado e aos seus vicarios, que contan a diversos niveis con consellos nos que colaboran outros fieis, moitos deles laicos, tanto homes como mulleres. Ademais, os fieis laicos dan unha contribución decisiva nas tarefas de organización e realización inmediata da actividade formativa do Opus Dei.

10. ¿Como se financia?

A prelatura do Opus Dei finánciase como as dioceses ou outras prelaturas, é dicir ante todo coas achegas dos seus mesmos fieis e doutras persoas que colaboran económicamente na súa misión. As

iniciativas apostólicas ligadas á prelatura no ámbito da educación, da saúde, da promoción social, etc. - das que a prelatura asume só a responsabilidade no que respecta á súa vitalidade cristiá - fináncianse como as demais institucións do mesmo tipo en cada país.

11. ¿De quen depende o prelado do Opus Dei? ¿Quen o nomea?

O prelado do Opus Dei e a mesma prelatura dependen - como todas as circunscricións eclesiásticas - da Santa Sé, ou sexa do Romano Pontífice e do órgano que o axuda no referente ás dioceses e prelaturas, é dicir a Congregación para os Bispos.

O prelado do Opus Dei é nomeado polo Papa, tras seguir o procedemento de determinación da persoa que está previsto nos estatutos da prelatura; estes consideran a intervención de fieis da mesma para pronunciarse sobre

quen sería o sacerdote máis indicado. O Romano Pontífice pode despois chamar ao prelado a recibir o sacramento do episcopado, que aínda que non sexa necesario, resulta moi congruente coa súa misión xerárquica de pastor. Así aconteceu cos dous primeiros prelados, Mons. Álvaro del Portillo e Mons. Javier Echevarría.

12. *¿Os laicos pertencen á prelatura, ou só os sacerdotes?*

Tanto uns como outros pertencen igualmente á prelatura, na que, como en toda a Igrexa e en calquera das súas partes, existe igualdade fundamental entre todos os fieis en canto á súa dignidade e misión como cristiáns, e ao mesmo tempo se dá unha diversidade esencial polo que respecta ao sacerdocio. Esta diversidade fundamenta a cooperación orgánica entre sacerdotes e laicos na mesma misión

da Igrexa. Concibir a prelatura como unha institución formada só por sacerdotes contradiría tanto a realidade do Opus Dei como a mesma novidade e índole específica das prelaturas. Esa concepción vería as prelaturas como asociacións de sacerdotes incardinados nelas, institucións certamente moi importantes na vida da Igrexa, pero esencialmente distintas polo seu carácter asociativo e só clerical.

En cambio, a realidade do Opus Dei si comprende unha asociación de sacerdotes, a Sociedade Sacerdotal da Santa Cruz, inseparable da prelatura. A Sociedade Sacerdotal da Santa Cruz concirne só á vida espiritual dos seus membros: non ao seu traballo pastoral, que non cambia polo feito de pertencer a ela. Forman parte desta asociación os sacerdotes da prelatura e outros sacerdotes diocesanos que recibiron tamén a vocación ao Opus Dei para

santificarse na súa mesma vocación sacerdotal, sen constituír un grupo aparte, senón procurando que o seu ministerio e inserción na diocese, o seu lugar propio no servizo da Igrexa, sexan cada vez máis fecundos, en plena e cordial obediencia á autoridade do bispo diocesano, única autoridade eclesiástica da que dependen, e en fraternal unión con todos os demais sacerdotes.

13. ¿Que diferenza hai entre un católico corrente, máis ou menos practicante, e unha persoa do Opus Dei?

Non hai ningunha, en canto unha persoa do Opus Dei é unha católica corrente, que recibiu unha chamada específica dentro da súa vocación cristiá para formar parte dunha familia espiritual e para procurar ser mellor cristián e colaborar na misión da Igrexa. Esa chamada non o

distingue dos demais, pois non implica que a súa vida se transforme nun signo eclesial do seguimento de Cristo, como é propio da vocación dos relixiosos. A secularidade é esencial para todos os fieis do Opus Dei, tamén para os que viven o celibato como parte da súa vocación. Obviamente se por católico corrente se entende un católico que na súa vida non está especialmente comprometido co Señor e coa Igrexa, os fieis do Opus Dei procuran con todas as súas forzas non se recoñecer nese tipo: é máis, sábense chamados a recordar que o corrente para os discípulos de Cristo debe ser seguilo incondicionalmente, cun estilo de vida que ás veces pode resultar sorprendente para quen non o comprenda dende unha perspectiva plenamente cristiá.

14. ¿Como é posible que se requira unha vocación específica para ser membro dunha prelatura?

Naturalmente este requisito vocacional non é esencial nas prelaturas persoais, as cales poden fundarse en circunstancias moi diversas, xeralmente ligadas a vínculos sociais entre os seus fieis.

Non obstante, é posible que se requira porque a mesma realidade eclesial supoña unha vocación específica, como sucede no caso do Opus Dei. A Igrexa recoñece e favorece algo que provén do Espírito Santo, sen o cal toda a prelatura do Opus Dei deixaría de existir.

15. *¿A que se compromete unha persoa que se incorpora ao Opus Dei?*

A incorporación á prelatura do Opus Dei está esencialmente unida á vocación persoal dese fiel. De aí que a incorporación comporta o compromiso de vivir todo aquilo que se refire a esa vocación. Nas súas manifestacións externas este compromiso sitúase sempre

exclusivamente no plano da vida eclesial da persoa, sen entrar nunca en ámbitos de natureza temporal. Trátase de deberes que se refiren á vida espiritual, á propia formación, á participación activa nas actividades apostólicas desenvolvidas pola prelatura. Por tratarse só de ámbitos nos que un fiel goza de liberdade para seguir un ou outro camiño, o compromiso coa prelatura é perfectamente harmónico cos deberes do fiel respecto á Igrexa universal e á Igrexa particular, e con outras obrigas que naturalmente ou por propia vontade asumira. A vinculación ao Opus Dei busca precisamente axudalo a vivir o conxunto dos seus deberes ordinarios, tanto na Igrexa como na sociedade civil.

Para algúns fieis, o compromiso comprende tamén o celibato apostólico e unha maior dispoñibilidade ao servizo das

actividades apostólicas propias da prelatura.

16. A nivel institucional, ¿que relacións ten o Opus Dei coa diócese? No seu labor pastoral, ¿obra de acordo, ademais, cos institutos relixiosos e con outras realidades eclesiales?

A vida da prelatura insírese, como parte viva, dentro de cada diócese. Por iso, a prelatura está en constante relación coa diócese e co respectivo bispo. Ademais, é xuridicamente necesaria a intervención deste para comezar o traballo da prelatura na diócese ou ben para abrir centros da prelatura. O máis importante, non obstante, é os contactos permanentes que axudan á plena sintonía coa vida diocesana e cos obxectivos pastorais do Bispo diocesano.

A prelatura do Opus Dei está en comunión con todas as realidades eclesiales presentes na diócese.

Dentro da lexítima autonomía eclesial de cada unha das realidades, a vida da diócese á que todas pertencen ofrece habitualmente múltiples ocasións de contacto e colaboración. Convén ter presente que o Opus Dei non constitúe un grupo aparte dentro da diócese e non é nin actúa como unha asociación, polo que os seus membros poden libremente participar en asociacións de fieis de carácter secular.

17. ¿En que se beneficia a diócese co traballo dos fieis do Opus Dei?

O traballo e a enteira vida das persoas do Opus Dei, na medida en que son fieis á súa vocación, constitúe unha parte do ben espiritual e apostólico da diócese en que se desenvolve. Como é propio do carisma do Opus Dei, a achega dos seus fieis ao ben da diócese - e o mesmo se pode dicir da achega da

inmensa maioría dos católicos - ten por escenario a vida secular, ou sexa o ámbito familiar, cultural, económico, político, etc., nos cales as persoas de Opus Dei, gozando da mesma liberdade e autonomía que calquera outra persoa, se empeñan en vivir a fondo segundo o Evanxeo: é dicir, en servir aos demais por Deus.

.....

pdf | document generated
automatically from [https://opusdei.org/
gl-es/article/preguntas-sobre-a-
prelatura-persoal/](https://opusdei.org/gl-es/article/preguntas-sobre-a-prelatura-persoal/) (27-03-2026)